

C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

ANUNCIO

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, celebrada o día dous de febreiro de dous mil dezasete, iniciouse o expediente de contratación seguinte:

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Concello de Salvaterra de Miño
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría

2. Obxecto do contrato.

- a) Tipo de contrato: Administrativo especial.
- b) Descrición do obxecto: Explotación do bar-cafetería das Instalacións Deportivas Casal
- c) Duración do contrato: dous anos, prorrogable a catro anos.

3. Tramitación: Ordinaria.

4. Procedemento: Aberto.

5. Contraprestación económica ou canon.

O Adxudicatario deberá aboar ó Concello un canon anual mínimo por importe de **300,00 euros** (IVE incluído). As ofertas económicas efectuaráanse á alza partindo de dita cantidade.

6. Garantía provisional:

Non se esixe.

7. Obtención de documentación e información:

Concello de Salvaterra de Miño, Praza da Constitución, nº 1 (36450)

Páxina web. <http://concellodesalvaterra.org>. Poderán obter documentación e información ata o día de finalización do prazo de presentación de ofertas.

Tlf: (986)658126/986658082. Fax: (986)658360.

8. Presentación de ofertas.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaránse de Luns a Venres de 09,00 a 13,00 horas, no Rexistro Xeral do Concello de Salvaterra de Miño, no prazo de **26 días naturais** contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOG ou BOP).


Os pregos de cláusulas administrativas e técnicas serán publicadas no perfil do contratante do Concello de Salvaterra de Miño. Poderá publicarse, asimismo, aquela outra información ou documentación que sexa necesaria ou conveniente.

9.- Criterios de adxudicación:

Son os establecidos na cláusula 9ª do prego de cláusulas administrativas particulares.

10. Documentación a presentar.

Véxanse as bases que rexen o contrato.



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

11. Apertura de proposicións.

O día de apertura das proposicións fixarase no perfil de contratante ou Taboleiro de Anuncios do Concello cunha antelación de, cando menos, 2 días ó da súa celebración.

12. Gastos de publicidade: A cargo do contratista adxudicatario.

En Salvaterra de Miño, a 6 de febreiro de 2017.

O Alcalde

Asdo. Arturo Grandal Vaqueiro